

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Detectado erro material na Resolución da Alcaldía nº 2018-1116 de data 3 de maio de 2018, esta Alcaldía en base ás competencias establecidas pola Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que establece entre outros extremos que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos,

RESOLVO

Primeiro.- Corrixir o erro material detectado no Decreto nº 2018-1116 de data 3 de maio de 2018 en relación ao procedemento selectivo recollido no punto 6º das Bases específicas para a selección de funcionarios interinos e persoal laboral temporal no Concello de Ponteareas na categoría de auxiliar administrativo e onde di:

“b) Experiencia: A puntuación máxima nesta base será de 2 puntos”

Debe dicir:

“b) Experiencia: A puntuación máxima nesta base será de 2 puntos valorándose a experiencia na praza obxecto da convocatoria ou similar categoría nos seguintes termos:”

Segundo.- Publicar a presente Resolución da Alcaldía na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas.

RECURSO.- Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso- Administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

Ponteareas, documento asinado electronicamente

O Alcalde,
Xosé Represas Giráldez